

ACORDO PARA EXTINCIÓN DOS PLANES DE ESTUDO ACTUAIS POLA IMPLANTACIÓN DO GRAO

A **Disposición Adicional Primeira** do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas oficiais, sinala na alínea 1 que *"a implantación polas universidades dos planos de estudos conducentes á obtención dos títulos previstos por este RD, poderá realizarse de xeito simultáneo, para un ou varios cursos, ou de xeito progresivo de acordo coa temporalidade prevista no correspondente plano de estudos"*. Asemade, na línea 2 di que *"No curso académico 2010/2011 non poderán ofertarse prazas de novo ingreso no primeiro curso para as actuais titulacións: licenciaturas, diplomaturas, enxeñarías, arquitecturas, arquitecturas técnicas e enxeñarías técnicas"*.

Doutra banda, a **Disposición Adicional Segunda** do devandito RD establece que *"Os alumnos que teñan comezado estudos consonte a anteriores ordenacións universitarias poderán acceder ás ensinanzas reguladas neste Real Decreto, previa admisión da universidade correspondente, de acordo co establecido neste RD e na normativa da propia universidade"*. Asemade, no Procedemento de verificación que establece o Anexo II do RD 1393/2007 establécese no seu punto 10.2 que na memoria do plano de estudos deberá indicarse o procedemento de adaptación que deberán aplicarse ao alumnado, de ser o caso, dos estudos existentes aos novos graos.

Finalmente, a **Disposición Transitoria Segunda** do devandito RD sinala que: *"aos estudantes que na data de entrada en vigor deste Real Decreto tivesen iniciado estudos universitarios oficiais consonte a anteriores ordenacións seralles de aplicación as disposicións reguladoras polas que tivesen iniciado os estudos, sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda deste RD, ata o 30 de setembro do 2015, no que quedarán definitivamente extinguidas"*.

Ao abeiro desta normativa e do art. 11.2.3 do RD 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos planos de estudo no que se indica que *"... os planos de estudos, agás casos excepcionais apreciados pola correspondente universidade, extinguíranse temporalmente curso a curso. Unha vez extinguido cada curso, efectuaranse catro convocatorias de exame nos dous cursos académicos seguintes."*

Por todo ilo, e en consonancia coa normativa que é de aplicación, é necesario aprobar a normativa que regule a extinción das actuais titulacións, polo que O CONSELLO DE GOBERNO NA SÚA REUNIÓN DO 14 de MAIO DE 2009

ACORDA

Primeiro.- Ámbito de aplicación: estas normas son de aplicación aos estudantes da Universidade de Santiago de Compostela que están a cursar titulacións de carácter oficial que se extinguen como consecuencia da implantación dunha titulación universitaria oficial de Grao que as substitúe.

Segundo.- Procedemento de extinción dos planos de estudo: As actuais titulacións reguladas consonte ao RD 1497/1987, do 27 de novembro, extinguíranse curso a curso a partir do ano académico no que se implante a respectiva titulación de Grao.

Terceiro.- Tendo en conta a estruturación das actuais titulacións de Licenciatura, Enxeñaría, Enxeñarías Técnicas e Diplomaturas, nas que as materias poden estra vinculadas a un curso, a un ciclo ou á titulación, o procedemento de extinción das materias será o que a seguir se indica:

a) Terán a consideración de materias pertencentes a un curso as materias que na resolución pola que se aproba o plano de estudos figuren adscritas a un dos cursos académicos nos que se organiza a titulación.

b) Cando as materias (troncais, obrigatorias e optativas) non figuren vinculadas a un curso terán esta consideración, aos efectos de extinción, aquelas materias que na oferta de estudos estaban vinculadas de xeito orientativo a un curso académico e que de acordo coa Resolución reitoral pola que se aprobaron os planos de estudo, o punto 1.4 de Estrutura xeral do plano de estudos e a distribución dos créditos por curso que figura en cada un dos planos de estudo e a recomendación temporal para cursalas establecida na oferta de estudos terase en conta este criterio para a súa extinción (código curso). No caso das materias de primeiro curso, tendo en conta a oferta pechada das materias nas que se poden matricular os estudantes que comezan estudos por primeira vez, extinguiranse todas as materias que se ofertaron con docencia no último curso académico.

Cuarto.- Os estudantes matriculados en materias dos planos de estudo en extinción terán dereito a catro convocatorias de exame consecutivas (dúas por cada matrícula) contadas a partir da data de extinción oficial do curso correspondente, que coincidirá cos dous cursos consecutivos ao de implantación do novo plano de estudos, con independencia das convocatorias que o alumno tivese esgotado. A estes efectos, terán a consideración de convocatorias as establecidas na normativa vixente para as materias cuatrimestrais e anuais.

Quinto.- Durante o proceso de extinción do plano de estudos os estudantes terán dereito aos exames e ás titorías correspondentes nas materias sen docencia pero con dereito a exame.

Sexto.- Iniciado o proceso de extinción dunha titulación non poderá admitirse matrícula dos estudantes de novo ingreso para iniciar as ensinanzas neste título. Só se admitirá a matrícula nas ensinanzas en proceso de extinción aos estudantes con traslado de expediente doutras universidades cando as materias nas que pretendan formalizar matrícula teñan docencia por non terse extinguido o curso, ou estivesen no período transitorio de dous anos seguintes á extinción do curso" (materias sen docencia, só con dereito a exame).

Sétimo.- No caso de estudantes matriculados nun título en proceso de extinción aos que lles faltasen por superar materia/s que estivesen completamente extinguidas, de xeito que non puidesen obter o título oficial correspondente, non poderán continuar matriculados nesa titulación e deberán adaptarse ás novas ensinanzas de grao para poder matricularse.

Oitavo.- A matrícula no Grao será irreversible, de tal xeito que os estudantes non poderán reincorporarse a plans de estudo en extinción. Os estudantes tampouco poderán matricularse simultaneamente nunha titulación en extinción e no título de Grao que a substitúe.

Noveno.- Extinción dos Complementos de formación

A) TITULACIÓNS DE SÓ SEGUNDO CICLO: Segundo a Resolución do 16 de xullo de 2008 da Dirección Xeral de Universidades a extinción das titulacións de só segundo ciclo comezará no curso académico 2013/2014; polo tanto para estas titulacións a extinción dos complementos de formación comezará no devandito curso.

B) TITULACIÓNS DE PRIMEIRO E SEGUNDO CICLO: nas titulacións de primeiro e segundo ciclo que teñen aprobadas Ordes que regulan os complementos de formación que deben realizar os estudantes non se admitirán alumnos novos para matricularse nos

segundos ciclos cando os complementos de formación se oferten incluídos en materias do primeiro ciclo para o que xa comezou a extinción do curso e/ou materia consonte ao que se determina nos puntos sexto e sétimo deste acordo. No ANEXO I inclúense as titulacións ás que lles é de aplicación este artigo.

Décimo.- Os prezos públicos correspondentes á matrícula nas materias en proceso de extinción (sen dereito a docencia) serán os que estableza o correspondente decreto de prezos públicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No caso dos estudantes que cambien aos estudos de Grao desde unha titulación regulada polo RD 1497/87, ao tratarse dun cambio de plano de estudos, non se terán en conta o número de convocatorias esgotadas na titulación de orixe e se rexerán a todos os efectos pola nova regulamentación, incluído os prezos de matrícula, que terán a consideración de matrícula de primeiro por primeira vez, na titulación adaptada ao EEES.

ANEXO – INSTRUCCIÓN EXTINCIÓN PLANS ESTUDOS

MATERIA INCLUINTE	COMPLEMENTO (INCLUIDA)	1º CURSO SEN DOCENCIA E SÓ CON DEREITO A EXAME
<i>161-LICENCIATURA EN ADE-SANTIAGO</i>		
161303 Macroeconomía	161802 Macroeconomía	2011-2012
161206 Microeconomía	161803 Microeconomía	2010-2011
161204 Fundamentos de Comercialización	161801 Economía e Dirección de Empresas	2010-2011
<i>961-LICENCIATURA EN ADE-LUGO (1)</i>		
971203 Organización e Administración de Empresas	961801 Economía da Empresa	2010-2011
971313 Macroeconomía	961802 Macroeconomía	2011-2012
971214 Microeconomía	961803 Microeconomía	2010-2011
<i>501-LICENCIATURA EN BIOLOXÍA</i>		
501102 Botánica	501802 Botánica	2009-2010
501103 Citoloxía e Histoloxía Vexetal e Animal	501803 Citoloxía e Histoloxía Vexetal e Animal	2009-2010
501302 Fisioloxía Animal	501804 Fisioloxía Animal	2011-2012
501303 Fisioloxía Vexetal	501805 Fisioloxía Vexetal	2011-2012
501204 Zooloxía	501808 Zooloxía	2010-2011
<i>210-LICENCIATURA EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL</i>		
210109 Comunicación e Información Audiovisual	210801 Comunicación e Información Audiovisual	2009-2010
210108 Teoría da Comunicación e Teoría da Información	210802 Teoría da Comunicación e Teoría da Información	2009-2010
210106 Lingua Española	210803 Lingua Española	2009-2010
210107 Lingua Galega	210804 Lingua Galega	2009-2010
<i>621-LICENCIATURA EN FILOLOXÍA CLÁSICA (2)</i>		
621101 Lingua Grega e a súa Literatura I	621801 Lingua Grega e a súa Literatura I	2009-2010
621106 Lingua Latina e a súa Literatura I	621803 Lingua Latina e a súa Literatura I	2009-2010
621202 Lingua Grega e a súa Literatura II	621802 Lingua Grega e a súa Literatura II	2010-2011
621203 Lingua Latina e a súa Literatura II	621804 Lingua Latina e a súa Literatura II	2010-2011
<i>661-LICENCIATURA EN FILOLOXÍA ESPAÑOLA (2)</i>		
521223 Segunda/Terceira Lingua: Español	521223 Segunda/Terceira Lingua: Español	2010-2011
521235 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Española	521235 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Española	2010-2011
521323 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Español	521323 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Español	2011-2012

MATERIA INCLUINTE	COMPLEMENTO (INCLUIDA)	1º CURSO SEN DOCENCIA E SÓ CON DEREITO A EXAME
521359 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Española	521359 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Española	2011-2012
461-LICENCIATURA EN FILOLOXÍA ESPAÑOLA - LUGO		
461101 Introducción á Historia da Literatura Española	461101 Introducción á Historia da Literatura Española	2009-2010
461105 Lingua Española I	461803 Lingua Española I	2009-2010
461202 Lingua Española II	461804 Lingua Española II	2010-2011
651-LICENCIATURA EN FILOLOXÍA GALEGA (2)		
661225 Segunda/Terceira Lingua: Galego	661225 Segunda/Terceira Lingua: Galego	2010-2011
661237 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Galega	661237 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Galega	2010-2011
661325 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Galego	661325 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Galego	2011-2012
661361 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Galega	661361 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Galega	2011-2012
671-LICENCIATURA EN FILOLOXÍA INGLESA (2)		
661227 Segunda/Terceira Lingua: Inglés	661227 Segunda/Terceira Lingua: Inglés	2010-2011
661239 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Inglesa	661239 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Inglesa	2010-2011
661327 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Inglés	661327 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Inglés	2011-2012
661363 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Inglesa	661363 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Inglesa	2011-2012
521-LICENCIATURA EN FILOLOXÍA ALEMANA (2)		
661221 Segunda/Terceira Lingua: Alemán	661221 Segunda/Terceira Lingua: Alemán	2010-2011
661233 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Alemá	661233 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Alemá	2010-2011
661321 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Alemán	661321 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Alemán	2011-2012
661357 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Alemá	661357 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Alemá	2011-2012
641-LICENCIATURA EN FILOLOXÍA FRANCESA (2)		
661224 Segunda/Tercera Lengua: Francés	661224 Segunda/Tercera Lengua: Francés	2010-2011
661236 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Francesa	661236 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Francesa	2010-2011
661324 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Francés	661324 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Francés	2011-2012

MATERIA INCLUINTE	COMPLEMENTO (INCLUIDA)	1º CURSO SEN DOCENCIA E SÓ CON DEREITO A EXAME
661360 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Francesa	661360 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Francesa	2011-2012
681-LICENCIATURA EN FILOLOXÍA ITALIANA (2)		
661228 Segunda/Terceira Lingua: Italiano	661228 Segunda/Terceira Lingua: Italiano	2010-2011
661240 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Italiana	661240 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Italiana	2010-2011
661328 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Italiano	661328 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Italiano	2011-2012
661364 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Italiana	661364 Literatura da Segunda/Terceira Lingua II: Italiana	2011-2012
701-LICENCIATURA EN FILOLOXÍA ROMÁNICA (2)		
521223 Segunda/Terceira Lingua: Español	521223 Segunda/Terceira Lingua: Español	2010-2011
521235 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Española	521235 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Española	2010-2011
661224 Segunda/Tercera Lengua: Francés	661224 Segunda/Tercera Lengua: Francés	2010-2011
661225 Segunda/Terceira Lingua: Galego	661225 Segunda/Terceira Lingua: Galego	2010-2011
661228 Segunda/Terceira Lingua: Italiano	661228 Segunda/Terceira Lingua: Italiano	2010-2011
661231 Segunda/Terceira Lingua: Portugués	661231 Segunda/Terceira Lingua: Portugués	2010-2011
661236 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Francesa	661236 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Francesa	2010-2011
661237 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Galega	661237 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Galega	2010-2011
661240 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Italiana	661240 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Italiana	2010-2011
661243 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Portuguesa	661243 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Portuguesa	2010-2011
691-LICENCIATURA EN FILOLOXÍA PORTUGUESA (2)		
661231 Segunda/Terceira Lingua: Portugués	661231 Segunda/Terceira Lingua: Portugués	2010-2011
661243 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Portuguesa	661243 Literatura da Segunda/Terceira Lingua I: Portuguesa	2010-2011
661331 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua:	661331 Ampliación da Segunda/Terceira Lingua: Portugués	2011-2012

MATERIA INCLUINTE	COMPLEMENTO (INCLUIDA)	1º CURSO SEN DOCENCIA E SÓ CON DEREITO A EXAME
Portugués		
661367 Literatura da Segunda/terceira Lingua II: Portuguesa	661367 Literatura da Segunda/terceira Lingua II: Portuguesa	2011-2012
981-LICENCIATURA EN PEDAGOXÍA		
981101 Antropoloxía da Educación	981801 Antropoloxía da Educación	2009-2010
981102 Bases Metodolóxicas da Investigación Educativa	981802 Bases Metodolóxicas da Investigación Educativa	2009-2010
981202 Organización e Xestión de Centros Educativos	981803 Organización e Xestión de Centros Educativos 981807 Organización e Xestión de Centros Educativos	2010-2011
981804 Procesos Psicolóxicos Básicos	981804 Procesos Psicolóxicos Básicos (*)	2011-2012
071-LICENCIATURA EN XORNALISMO		
071104 Lingua Española	071801 Lingua Española	2009-2010
071105 Lingua Galega	071802 Lingua Galega	2009-2010
071201 Métodos de Investigación	071803 Métodos de Investigación	2010-2011
071107 Comunicación e Información Escrita	071804 Comunicación e Información Escrita	2009-2010
071109 Teorías da Comunicación	071805 Teorías da Comunicación	2009-2010
901-LICENCIATURA EN QUÍMICA		
901102 Enxeñaría Química I	901102 Enxeñaría Química I	2009-2010
901201 Enxeñaría Química II	901201 Enxeñaría Química II	2010-2011
901301 Bioquímica I	901301 Bioquímica I	2011-2012
901302 Bioquímica II	901302 Bioquímica II	2011-2012
901101 Enlace Químico e Estrutura da Materia	901803 Enlace Químico e Estrutura da Materia	2009-2010
901205 Química Inorgánica II	901205 Química Inorgánica II	2010-2011
901304 Técnicas Experimentais en Química Analítica	901807 Técnicas Experimentais en Química Analítica 901808 Técnicas Experimentais en Química Analítica	2011-2012
901207 Técnicas Experimentais en Química Física	901207 Técnicas Experimentais en Química Física	2010-2011
191-LICENCIATURA EN ECONOMÍA		
161303 Macroeconomía	191802 Macroeconomía	2011-2012
161206 Microeconomía	191803 Microeconomía	2010-2011
-	191801 Historia Económica (*)	2011-2012
061-LICENCIATURA EN CIENCIAS POLÍTICAS		
061101 Ciencia Política I	061801 Ciencia Política I	2008-2009
061203 Relacións Internacionais I	061802 Relacións Internacionais I	2009-2010
061102 Dereito Constitucional I	061803 Dereito Constitucional I	2008-2009

MATERIA INCLUINTE	COMPLEMENTO (INCLUIDA)	1º CURSO SEN DOCENCIA E SÓ CON DEREITO A EXAME
061104 Historia Política Contemporánea	061804 Historia Política e Social Contemporánea	2008-2009
061105 Socioloxía Xeral	061505 Socioloxía Xeral	2008-2009
061201 Métodos e Técnicas de Investigación Social I	061806 Métodos e Técnicas de Investigación Social I	2009-2010
061202 Métodos e Técnicas de Investigación Social II	061808 Métodos e Técnicas de Investigación Social II	2009-2010
091-LICENCIATURA EN MATEMÁTICAS		
091302 Elementos de Variable Complexa	091302 Elementos de Variable Complexa	2010-2011
091312 Métodos Numéricos	091312 Métodos Numéricos	2010-2011
091206 Xeometría Afín e Proxectiva	091801 Xeometría Afín e Proxectiva	2009-2010
091314 Teoría Global de Superficies	091803 Teoría Global de Superficies	2010-2011

- (1) Os complementos do segundo ciclo de ADE (campus de Lugo) cúrsanse dentro da Diplomatura en Ciencias Empresariais.
- (2) Os complementos das diferentes LICENCIATURA ENs en Filoloxía aparecen en inclusións primarias dunha delas.
- (*) Complementos de formación non incluídos en materias da titulación.